SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado D. José Angel Guerra Platas aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos.

4.1.5.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DA FINCA RÚSTICA NÚMERO 400 DENOMINADA "CERRADA" (ANXELES) Licenza urbanística 5/2011.

Vista solicitude presentada (con entrada en data 30/04/2010 nº 509) por D. Antonio González Fernández acompañada de proxecto de segregación da finca rústica Cerrada con referencia catastral (15010A506004000000JF) redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Oscar J. Pose Andrade colexiado nº. 1.430 sen visar.

Con data 19/05/2010 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións polo que o 30/07/2010 presentouse polo interesado Informe de segregación de parcelas en solo rústico asinado polo mesmo técnico e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 20100893. Con data 03/08/2010 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións presentando o interesado con data 22/12/2010 proxecto técnico de segregación de parcelas en solo rústico e o 20/01/2011 Anexo I a: Proxecto de segregación de parcelas en solo rústico, asinados ambos documentos polo mesmo técnico e visados co mesmo número.

A parcela está cualificada no PXOM como solo rústico de protección forestal. De acordo co proxecto a parcela 400 sita na parroquia de Ánxeles, conta cunha superficie de 48.820 m² e preténdese a segregación en dúas parcelas.

Vistos os informes favorables ao outorgamento de licenza de segregación dos servizos técnicos municipais asinado por D. Fernando Delgado Juega en data 24/01/2011 que consta no expediente e o informe de secretaría municipal de data 27/01/2011 informando favorablemente de concesión de licenza de segregación.

Considerando que queda xustifico no expediente tramitado, a mellora de explotación agropecuaria propiedade de D. Javier Sánchez Vereá, cumpríndose así o disposto no artigo 206.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo, que independentemente de que prohibe a división e segregación de fincas en solo rústico, autoriza a división de parcelas que teñan por obxecto a mellora das explotacións agropecuarias existentes, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Autorizar licenza de segregación a D. Antonio González Fernández para parcelar a finca rústica número 400 denominada "Cerrada" na parroquia de Ánxeles, cunha superficie de 48.820 m² en:

.- Parcela 400-a: resto de finca matriz cunha superficie de 43.820 m².

.- Parcela 400-b de superficie 5.000 m².

SEGUNDO.- Someter a licenza ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Condicionase a efectividade desta licenza a necesaria acreditación por contrato de alugamento, compravenda, etc... da efectividade do destino da segregación á mellora de explotación agropecuaria propiedade de D. Javier Sánchez Vereá, localizada na parcela 407 do polígono 506.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado D. Antonio González Fernández aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos.

4.1.6.- SOLICITUDE DESESTIMENTO EXECUCIÓN DA OBRA (LO 4/2010)

Visto o escrito presentado por D^a. Pilar Meijide Seoane, en calidade de administrador da sociedade Ganadería María Seoane Mato, S.C., con rexistro de entrada número 116 en data 26/01/2011, en relación co desestimento á execución da obra (LO 4/2010) para construción de edificación destinada a explotación de galiñas campeiras en Sendelle (Boimorto).

Visto o artigo 87 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do desestimento presentado por D^a. Pilar Meijide Seoane, en calidade de administrador da sociedade Gandería María Seoane Mato, S.C., en relación coa execución da obra para construción de edificación destinada a explotación de galiñas campeiras en Sendelle (Boimorto) con licenza (LO 4/2010).

SEGUNDO.- Entender por finalizado o procedemento e polo tanto anular o dereito recoñecido pendente de cobro por importe de 7.664,00 €.

TERCEIRO.- Notificar este acordo aos interesados así como aos servizos contabeis aos efectos oportunos.

4.1.6.- LICENZA DE OBRA MAIOR 6/2011 PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE NO LUGAR DE OUTEIRO-ARCEO SOLICITADA A INSTANCIA DE MÓNICA PARDO BUJÁN

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 23/11/2010 n^o de rexistro de entrada 1538 por Dna. Mónica Pardo Buján presentou ante o Concello de Boimorto proxecto de “Ampliación de explotación de vacuno de leite” no lugar do Outeiro parroquia de Arceo; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Óscar J. Pose Andrade Colexiado n^o 1.430 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 20101185; presentando o 10/01/2011 oficio de dirección e execución de obra e anexo ao proxecto (vis n^o 1.185/2010) visados cos mesmos números; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural (expansión de núcleo).

Visto que a explotación conta con Recoñecemento de edificación destinada a actividade agropecuaria a nome de Dna. Maria Pilar Buján Rúa de data 17/06/2007.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 26/01/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de data 27/01/2011.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención e do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid nos que se sinala que segundo a documentación presentada esta actividade non aumentará os animais presentes na explotación polo que tampouco acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008 para cualificar como substancial a ampliación pretendida; polo que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2b) da Lei 9/2002 e deberánse ter en conta as medidas correctoras sinaladas no propio proxecto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar licenza de obra maior (6/2011) a Dna Mónica Pardo Buján conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo para "Ampliación de explotación de vacuno de leite"; solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural (expansión de núcleo); segundo proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Óscar J. Pose Andrade Colexiado n^o 1.430 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 20101185; non considerándose necesario a autorización previa de Urbanismo e sendo director de obra D. Óscar J. Pose Andrade Colexiado n^o 1.430.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros.
- .- As obras deben axustarse ao establecido nos artigos 31 e 68 do PXOM de Boimorto e o artigo 42 e 44 da Lei 9/2002.
- .- En todo caso, o prazo para inicio das obras será de seis meses, a contar dende o outorgamento da licenza municipal correspondente, debendo concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, a contar dende o outorgamento da licenza.
- .- Deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboredo ou especies vexetais, como mínimo, nun terzo da superficie da parcela.
- .- Á adaptación da liña de cerramento en aplicación do artigo 43.3 do PXOM a plataforma de hormigón recolleo o informe técnico non admitindo solución proxectada cunha lonxitude de 44 metros.
- .- Os acabados exteriores dos cerramentos deberán axustarse as condicións sinaladas no artigo 31 do PXOM. En ningún caso se admite bloque visto. Do mesmo xeito, o peche perimetral da balsa de xurro, axustarase ao establecido no apartado e) do artigo 30.7.
- .- Adecuación e reforma das edificacións preexistentes na explotación respetando normativa estética artigo 31 PXOM e necesario enfuscar e pintar os cerramentos exteriores e a cuberta de fibrocemento cor gris deberá pintarse en cor tella.
- .- Deberá conectarse á rede de abastecemento de auga potable existente.
- .- Farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real da finca á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións o uso e edificabilidade impostas pola autorización autonómica.
- .-Estará condicionada a que non aumente os animais presentes na explotación (80), nin acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2088, para cualificar como substancial a ampliación pretendida, e polo tanto, non está sometida ao procedementos de avaliación de incidencia ambiental.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 6/2011

Presuposto de execución material da obra: 116.278,23€

Liquidación 2% : **2.325,56€**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a interesada.

4.2.- OBRAS E SERVIZOS.

4.2.1.- INCOACIÓN E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA OBRA "SANEAMENTO EN ROMELAS (MERCURÍN)" COPNSP 1/2010

Visto o expediente relacionado coa obra incluída na terceira fase da anualidade 2010 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011 da Excma. Deputación Provincial, denominada "Saneamento en Romelas (Mercurín)".

Sendo necesario o inicio de expediente de contratación da obra "Saneamento en Romelas (Mercurín)" constando no expediente proxecto de obra aprobado polo Pleno municipal en sesión de data 24/09/2009, que foi redactado polo enxeñeiro de camiños D. Angel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en setembro de 2009 cun orzamento de execución por contrata de 100.046,64 € (ive incluído), constando no expediente informe de data 27/01/2011 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 16.629, sobre a que se xenerou crédito por 1.724,94 € para asunción do incremento do IVE nun 2% pola Deputación, quedando un orzamento final de 101.771,58 €.

Visto o informe de secretaria de data 27/01/2011 sobre o procedemento contractual, coas advertencias nel sinaladas en especial o de necesario cumprimento do principio de concurrencia, así como pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade (utilizando pregos para contratación

por procedemento negociado sen publicidade das obras comprendidas nos plans provinciais actualmente en exposición pública por modificación da Lei de contratos do sector público 30/2007 pola 34/2010 de 5 de agosto así como o prego de prescricións técnicas que consta no propio proxecto de obras)

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 93 da LCSP estando esta obra subvencionada pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña no marco do PCC, xustifícase a súa realización nas necesidades de cobertura de servizos mínimos obrigatorios dos municipios recollidos no artigo 26.1a) da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

Considerando aplicable a tramitación urxente (por necesidade de xustificación de subvención en tempo e forma), neste expediente en uso das facultades delegadas pola Alcaldía Presidencia nesta Xunta de goberno local, e en aplicación do disposto no artigo 93 e na disposición adicional 2ª da lei 30/2007 Lei de contratos do sector público

A Xunta de Goberno, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Incoar e aprobar o expediente de contratación da obra de “Saneamento en Rome-las (Mercurín)” prevista no proxecto de obra redactado polo enxeñeiro de caminos D. Angel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en setembro de 2009 cun orzamento de execución por contrata de 101.771,58 € (ive incluído), aprobado polo Pleno en sesión de data 24/09/2009, por procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía da obra e a concreción do seu obxecto, conforme o proxecto de obras descrito acordando aplicar a tramitación urxente nesta contratación e tendo en conta o incremento do IVE do 2%.

SEGUNDO.- Declarar de aplicación á presente contratación o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (prego tipo da Excm. Diputación Provincial para obras relacionadas con Plans Provinciais) que consta no expediente xunto co de prescricións técnicas recollido no proxecto de obras, que haberán de rexer a contratación mediante procedemento negociado das obras sen publicidade.

TERCEIRO.- Incorporado ao expediente, certificado do acordo relativo á aprobación do proxecto: constando no expediente informe de Intervención e informe de Secretaría, autorizar o gasto sobre a partida 16.629 do anexo de inversións do orzamento municipal para a anualidade 2011, actualmente orzamento 2010 prorrogado sendo esta partida obxecto de incorporación de remanente de crédito.

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 295.1 da LCSP 30/2007 de 30 de outubro non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa.

QUINTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación solicitando oferta de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, antes de realiza-la adxudicación, sempre que sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo do contrato e deixando constancia de todo iso no expediente. Por medio do presente se acorda dirixir oferta ás seguintes empresas: Antonio Filloy, S.A. CIF A-36.016.665; Construcciones González y González, S.L. con CIF nº B-15.165.004 e Construcciones Rocha Corral, S.L., CIF B-15338338.

4.2.2.- APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DE AUGA DO CONSUMO HUMANO E DA PISCINA MUNICIPAL (CSPNSP 1/2011)

Visto o expediente de contratación do servizo de control de calidade de auga do consumo humano e da piscina municipal, tendo dito contrato un orzamento de execución 12.000 € iva incluído para as dúas anualidades, constando no expediente certificación de existencia de crédito de intervención (para anualidade 2011), informe de secretaría, pregos de prescricións particulares e técnicas que haberán de rexer a contratación por procedemento negociado sen publicidade no marco da Lei de contratos do sector público 30/2007 de 30 de outubro.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 93 da LCSP, con fundamento no cumprimento da normativa de análise de auga.

A Xunta de Goberno Local con competencias delegadas en materia de contratación pola Alcaldía, en aplicación do disposto no artigo 94 e na disposición adicional 2ª da Lei 30/2007 de contratos do sector público por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación do contrato administrativo de servizo de control de calidade de auga do consumo humano e da piscina, cun importe de execución por contrata de 6.000 euros anuais dúas anualidades (12.000,00 € iva incluído) por procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía do servizo, contratación conforme aos pregos de prescricións administrativas particulares e técnicas que están no expediente.

SEGUNDO.- Declarar de aplicación á presente contratación os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas que constan no expediente, que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade deste servizo non suxeito a regulación harmonizada recollendo o prego de prescricións particulares do contrato os criterios de adxudicación do mesmo.

TERCEIRO.- Visto informe de intervención entender autorizado o gasto con cargo á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011, actualmente orzamento 2010 prorrogado 31.227 polo importe correspondente a unha anualidade asumindo o compromiso de provisión orzamentaria de partida para este gasto para a segunda anualidade polo importe que corresponde trala adxudicación.

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 295.1 da LCSP 30/2007 de 30 de outubro non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa.

QUINTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación e solicitar a oferta de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, antes de realizar a adxudicación, sempre que sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo do contrato e deixando constancia de todo isto no expediente. Acordar dirixir oferta ás seguintes empresas: Aquagest, Espina & Delfin, S.L e Applus Norcontrol, S.L.U.

4.2.3.- RESOLUCIÓN DA CONTRATACIÓN MENOR DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO ACCESO A IGREXA DE SAN VICENTE DE ARCEO E OBRA MURO EN RUA CAMPO DA IGREXA DE SANTIAGO.

Visto que foron contratadas como obras menores en aplicación da Lei de contratos do sector público 30/2007 as obras:

- A) Acondicionamento do acceso a igrexa de San Vicente de Arceo
- B) Obra muro en rúa Campo da Igrexa de Santiago

Solicitada prórroga do prazo de execución das obras que foi concedida pola Xunta de goberno local en sesión de data 25/11/2010.

Considerando que estas obras están subvencionadas no marco de convenio/s coa Excma Diputación Provincial de A Coruña e a esixencia de contratación usando os pregos tipo da Excma Diputación Provincial segundo a cláusula 4 do/s convenio/s, cuxo incumprimento conlevaría a perda da subvención sendo a resolución destes contratos menores pola tanto beneficiosa para o interese público.

Visto o informe de secretaria intervención de data 25/01/2011 sobre a resolución dos contratos menores anteditos.

En aplicación do disposto nos artigos 207.4 e 208.1 da Lei de contratos do sector público 30/2007 así como o artigo 109 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas RD1098/2001 de 12 de outubro a Xunta de goberno local por unanimidade

ACORDOU:

PRIMEIRO.- Propoñer de oficio o contratista Construcciones González y González S.L., a resolución extinguindo calquera obriga entre ambas partes dos contratos menores de obras:

- A) Acondicionamento do acceso a igrexa de San Vicente de Arceo

B) Obra muro en rúa Campo da Igrexa de Santiago ante a falta de inicio das obras extinguida a prórroga outorgada así como a necesidade de tramitación da contratación con pregos tipo da Excmá Diputación Provincial os efectos de non perder a subvención.

SEGUNDO.- Dar audiencia o contratista en relación coa resolución de mutuo acordo destes dos contratos menores.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1. APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
D-35 17/01/11 D-25 13/01/11	Juan López Sánchez 34258362T	Gasóleo para vehículos Gasóleo para vehículos	1.642,50 € 1.100,00 €
2011-5529 10/01/11	Wolters Kluwer España S.A. A58417346	Suscripción a “El Consultor” periodo 01-2011 a 12-2011	581,36 €
353838554 24/01/11 353246843 20-01-11	Mafre Familiar S.A. A28141935	Póliza seguro camión do lixo matrícula 7428FJK periodo 02-01-11 ao 02-01-12 Póliza seguro tractor matrícula C098071VE periodo 18-01-11 ao 18-01-12	1.197,08 € 145,43 €
1300647/01 17/01/11	Editorial Compostela S.A. A15000391	Subscripción xornal O Correo Galego 01/01/11 a 31/12/11	440,00 €
5/01100120 25/01/11	Nea F3 Iberica S.L.U: B15361348	Mantemento fotocopiadora cor BH. C353 oficinas municipais	170,31 €
504.31 10/01/11 □	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial xaneiro 2011	311,71 €
000107 14/01/11	Control de Plagas □ Andrade S.L. B15989692	Desinfección e desratización en □ colexio, casa da cultura, centro médico e casa do Concello xaneiro 2011	347,24 €
A50058 21/01/11	Cotede Sports S.L. B15993660	Agasallos cabalgata reis 2011	177,00 €
004 07/01/11	Manuel Pérez Núñez 33257609T	Pancartas e Carteis VII Certame Cantar de Reis	985,30 €
0012 12/01/2011	DIEPI Hosteleria S.L. B70182159	Comidas homenaxe Jose Ángel Vázquez García (garda civil)	1.000,00 €
001 17/01/11	Mª Celia Rico Pérez 76514861W	Enmarcar cadro	104,10 €
E335 01/01/11	Boimorto-Vilasantar Veterinarios S.L. B15668023	Eutanasia dun can descoñecido atropelado en Boimil	21,60 €
8 12/01/11	Jesús Barreiro Costoya 32772343B	Pinchos VII Certame Cantar de Reis	1.200,96 €
0011002 03/01/11	Suministro Industriales Cire S.L. B15342652	Cañon e gasoil para VII Certame Cantar de Reis	72,57 €
3/11 03/01/11	Gráfica de Asturias S.L. B15342348	Lote de impresos para presu- posto municipal	187,77 €
28-A182-275825 01/01/11	Telefónica Móviles España, S.A. A-78923725	Recibo teléfonos móbiles	216,77 €

TA3LF0582743 TA3LF0563606	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono centro maiores Recibo teléfono servizos sociais	79,54 € 116,00 €
TA3LF0563605 TA3LF0578927 TA3LF0579369		Recibo teléfono xulgado de paz Recibo teléfono ascensor Recibo teléfono oficinas Con- cello	15,79 € 8,24 €
TA3LF0580981 TA3LF0588663 TA3LF0563608 19/01/11		Recibo teléfono fax concello Recibo teléfono baixo concello Recibo teléfono PAI	299,98 € 5,81 € 60,45 € 27,01 €

5.2.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN E FACTURA DA OBRA REFORMADO CENTRO DE DÍA E MINIRRESIDENCIA EN BOIMORTO

Vista a certificación número seis e final do proxecto "Reformado Centro de día e minirresidencia en Boimorto", por importe de 239.234,30 € acompañada de factura nº 1018 de data 29/06/10 do adxudicatario Construcciones Ángel Jove, S.A. con CIF nº A-15034564.

Cumprida a finalidade da construción da obra obxeto de subvención pola Xunta de Galicia Vicepresidencia da Igualdade e Benestar, recepcionada a obra en xuño de 2010.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación seis e última do proxecto "Reformado Centro de día e minirresidencia en Boimorto", por importe de 239.234,30 € así como a factura por dito importe co número 1018 con data 29/06/2010 do adxudicatario Construcciones Ángel Jove, S.A. con CIF nº A-15034564, quedando pendente o rexistro contable desta aprobación e recoñecemento de obrigación ó momento de pago trala entrada en vigor do orzamento anualidade 2011.

SEGUNDO.- Declarar que o importe da subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar foi destinado a finalidade obxeto de subvención.

TERCEIRO.- Remitir certificación deste acordo á Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da parte da subvención pendente para esta inversión, gasto plurianual, outorgada a este Concello.

5.3.- SOLICITUDE SERVIZO DE FISIOTERAPIA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 27/01/2011

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- MERCEDES GARCÍA MEJUTO - FISIOTERAPIA - VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*

- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta do Goberno Local por unanimidade acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de fisioterapia a Dna. Mercedes García Mejuto.

SEGUNDO.- Notificar á beneficiaria neste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xaneiro, febreiro e marzo 2011. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia.

5.4.- SUBVENCIÓN EMERXENCIA SOCIAL

Vista a ordenanza específica reguladora da concesión de axudas para situacións de emerxencia social no Concello de Boimorto publicada no BOP nº 122 DO 30/06/2010.

Vistas as solicitudes de axuda de emerxencia social presentadas e expedientes tramitados no departamento de servizos sociais, vista proposta da traballadora social sobre concesión de axuda solicitada e contía.

Vista a factura de data 19/01/2011 nº 000001 de Hijos de Casal Mariño S.L. con CIF B15136146 referida a materiais de reparación de cuberta (uralitas, tellas, ladrillos, sacos de cemento...) para obra en Dorneá por importe de 2.995,59 €

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU:**

UNICO.- Aprobar en concepto de subvención de emerxencia social a favor de Dna. Mercedes Sánchez Mellid con DNI núm. 76510178B a factura de data 19/01/11 nº 000001 de Hijos de Casal Mariño S.L. con CIF B15136146 referida a a materiais de reparación de cuberta (uralitas, tellas, ladrillos, sacos de cemento...) para obra en Dorneá relacionada con reparación de tellado por importe de 2.995,59 € con fundamento no informe de servizos sociais sendo o perceptor da contía o empresario titular da factura. Notificar o presente acordo a Dna. Mercedes Sánchez Mellid.

5.5.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA O "CONCURSO DE COMPARSAS" E "CONCURSO DE DISFRACES INDIVIDUAL" ENTROIDO 2011 NO CONCELLO DE BOIMORTO

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán o Concurso de comparsas e concurso de disfraces individual do entroido 2011 no Concello de Boimorto redactadas en data 26/01/2011 pola animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES DO "CONCURSO DE COMPARSAS" E "CONCURSO DE DISFRACES INDIVIDUAL" ENTROIDO 2011 NO CONCELLO DE BOIMORTO.

Con motivo do Entroido 2011 o Concello de Boimorto convoca o "Concurso de comparsas e disfraces individuais" coa intención de realizar un desfile o día 6 de marzo de 2011 ás 16:00 horas para animar a participación dos veciños/as convócase este concurso de acordo coas seguintes bases:

1.- Obxecto do concurso

O obxecto do concurso é o de recuperar e celebrar esta festa tradicional e popular do Entroido, como forma de fomentar a participación veciñal e de preservar a nosa cultura.

2.- Participantes

Poderán participar no concurso todas as persoas que formen unha comparsa integrada por un mínimo de 5 participantes e aqueles que queiran participar de forma individual.

3.- Inscripción

Aquelas comparsas que desexen participar no concurso deberán cubrir a solicitude de participación e entregala nas oficinas do Concello (R/Vilanova, 1 Boimorto) acompañada dos seguintes datos;

- Comparsas:
 - Nome da comparsa e número de integrantes.
 - Datos identificativos da persoa que actúa como representante (nome, apelidos, DNI e domicilio).
 - Teléfono de contacto
- Individuais:
 - Datos identificativos da persoa que actúa como representante (nome, apelidos, DNI e domicilio).
 - Teléfono de contacto.

O prazo para inscribirse no concurso finalizará o 28 de febreiro de 2011. Para que se leve a cabo o concurso deberá haber inscritas un mínimo de 10 comparsas.

4.- Premios

Establécense cinco premios, con cargo a partida 33.48100 do presuposto municipal, coa seguinte dotación económica.

- 1º Clasificado comparsa: 300 €- Premio Simpatía: 300 €
- 2º Clasificado comparsa: 200 €
- 3º Clasificado comparsa: 100 €- Premio Individual: 100 €

Cada comparsa participante poderá optar ao premio da clasificación xeral e ao premio de simpatía. Ao mesmo tempo cada un dos integrantes das comparsas poderase inscribir como individual; os premios caducarán aos tres meses a contar dende o día seguinte a súa recepción.

5.- Presentación de comparsas

As comparsas e os participantes a nivel individual deberán presentarse o domingo 6 de marzo de 2011 ás 15:30 horas diante do Centro Social Municipal de Maiores.

6.- Percorrido do desfile

O desfile partirá do Centro Social Municipal de Maiores e realizará o seu traxecto ata o Campo do Rosario.

7.- Valoración

Durante o desenvolvemento do desfile, o xurado valorará:

Comparsas:

- | | |
|-------------------------------------|---------------|
| - Carroza, vestiario e maquillaxe | 0 a 40 puntos |
| - Orixinalidade | 0 a 20 puntos |
| - Coreografía e música | 0 a 20 puntos |
| - Organización e efecto do conxunto | 0 a 20 puntos |

Simpatía:

- | | |
|---|----------------|
| - Fai participar e transmite a outras persoas emocións, facer rir ... | 0 a 100 puntos |
|---|----------------|

Individual:

- | | |
|------------------------------|---------------|
| - Orixinalidade do vestiario | 0 a 40 puntos |
| - Feito a man | 0 a 40 puntos |
| - Maquillaxe | 0 a 20 puntos |

8.- Xurado

O xurado estará composto por:

Yolanda Barreiro Garea, animadora sociocultural do Concello de Boimorto e que actuará como presidenta.

Manuel Vázquez Rúa, técnico de dinamización turística económica do Concello de Boimorto.
Sylvia Cea Vázquez, normalizadora lingüística do Concello de Boimorto.

César Buján Barral, animador deportivo do Concello de Boimorto.

Actuará como secretario César Buján Barral.

Para constituirse o xurado teranse que presentar como mínimo, dous membros do mesmo, e actuará de secretario o que lle corresponda por orde alfabética do seu primeiro apelido.

O fallo do mesmo será inapelable. Así mesmo, resérvase o dereito de declarar algún dos premios deserto. En caso de empate decidirá o voto do presidente.

O resultado farase público ó finalizar o desfile.

9.- Orde de saída

A orde de saída será determinada polo xurado, mediante sorteo público as 12:00 horas do día 4 de marzo na Casa do Concello.

10.- Compensacións

O Concello non abonará ningunha compensación por desprazamento ou portes ós participantes.

A participación no concurso supón a aceptación destas bases.

Boimorto, 26 de xaneiro de 2011

A animadora sociocultural

Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases do Concurso de comparsas e concurso de disfraces individual do entroido 2011 no Concello de Boimorto redactadas en data 26/01/2011 pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, establecendo cinco premios, con cargo a partida 33.48100 do presuposto municipal, coa seguinte dotación económica.

- 1º Clasificado comparsa: 300 €- Premio Simpatía: 300 €
- 2º Clasificado comparsa: 200 €
- 3º Clasificado comparsa: 100 €- Premio Individual: 100 €

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.6.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES CON MOTIVO DO NOMEAMENTO DE FILLO PREDILECTO DE SUSO DE MARCOS UN XANTAR-HOMENAXE.

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos, culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009. Vistas as bases para convocatoria e establecemento do prezo público con motivo do nomeamento de Fillo Predilecto de Suso de Marcos un xantar-homenaxe redactadas en data 26/01/2011 pola Animadora Sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<<1. O obxecto desta actividade é fomentar a participación entre o maior número de persoas e promover e difundir este acto de nomeamento.

Vista a proposta aprobada polo Pleno municipal de data 30 de setembro de 2010 polo que se propoñía a distinción de fillo predilecto do Concello de Boimorto de D. Jesús López García e atendendo a proposta feita ao Concello por unha empresa organizadora do acto, na que a comida acada un presuposto final de 20 euros por comensal.

2. O xantar-homenaxe levarase a cabo o día 5 de marzo ás 12:30 horas no polideportivo municipal de Boimorto, ubicado na parroquia de Boimorto do Concello de Boimorto.

3. O prezo público de participación na actividade queda establecido en 20 euros, o prezo inclúe a comida degustativa con motivo de dito acto. Cada persoa interesada só poderá retirar como máximo cinco entradas para o xantar.

A entrada deberase presentar a hora de acceder á carpa onde se levará a cabo a comida.

4. O prezo individual non se verá beneficiado das bonificacións previstas para a unidade familiar, xa que non se trata dunha actividade municipal que pretende fomentar a participación familiar.

5. Cada persoa que desexe participar deberá aboar a cantidade antes mencionada nas oficinas do Concello, onde se lles entregará unha entrada que deberán presentar o día do acto, rematando o prazo para retirar as entradas o día 25 de febreiro.

6. O feito de participar nesta convocatoria implica o total aceptación destas bases.>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases establecemento do prezo público con motivo do nomeamento de Fillo Predilecto de D. Jesús López García -Suso de Marcos- un xantar-homenaxe redactadas en data 26/01/2011 pola Animadora Sociocultural tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 20 €.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 395/2010, 10/2011, 12/2011, 18/2011 e 19/2011 dictados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:45 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

E para que así conste, en cumprimento do disposto no artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a súa remisión ao Ilmo. Sr. Subdelegado do Goberno e á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, expido a presente por orde e co visto e prace do Sr. alcalde-presidente, en Boimorto a nove de marzo de de dous mil once.=====

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez